

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA PARA A REALIZACIÓN DO XIV FESTIVAL DE CANS DE CURTAMETRAXES 2017

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Axencia Galega das Industrias Culturais,
o día 2017.

REÚNENSE:

Dunha banda, D. Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da AGADIC, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).


Doutra, María de los D^a Ángeles Iglesias Losada, na súa calidade de presidenta da Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela (en adiante A Asociación), con CIF G-36442192, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN:

A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O obxectivo da axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores.






En concreto, a Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego. Entre os seus fins recóllense na lei de creación:

- a) Garantir o progreso da cultura galega, e especialmente a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural en condicións de igualdade e respecto con identidades diferentes nun contexto globalizado.
- b) Impulsar a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sostible e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos.
- c) Fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega ao obxecto de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, aportar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.
- d) Así mesmo, o artigo 5 da Lei 4/2008 establece que "En consonancia cos seus obxectivos e fins, a Agadic exercerá as seguintes funcións:
 - c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais".
- e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadores e creadoras como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.

Tal e como establece a lei 55/2007, do 28 de decembro, do cine, na súa exposición de motivos "a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto á súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, áchase presente en todos os ámbitos da sociedade actual."

A Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela é a entidade que leva a cabo a organización e desenvolvemento do XIV Festival de Cans de Curtametraxes. Trátase dun evento singular que leva celebrándose dende o ano 2004, especializado en curtametraxes galegas. É un punto de encontro do





audiovisual galego que promove e visibiliza o talento audiovisual galego dun xeito especializado, aberto e participativo, que se considera un evento imprescindible no panorama cultural galego. Unha das singularidades máis características do festival son os espazos nos que teñen lugar as proxeccións e o resto das actividades: adegas, casas, talleres, etc. Esta peculiaridade converte a Cans no único festival de Galicia que consegue integrar perfectamente o audiovisual co entorno onde se celebra, ademais de promover de forma directa a cultura no medio rural.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Agadic comprométese a entregarlle á Asociación a cantidade total de 13.038,29 €, como contribución para a realización do XIV Festival de Cans de Curtametraxes.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa o festival para a singularidade do audiovisual galego.


Por todo o anterior é a Asociación a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Agadic, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.





O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Agadic comprométese a aboar a cantidade de 13.038,29 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.481, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de subvencións de Galicia, a Agadic poderá realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se realizará como pago anticipado será do 80%. O pagamento restante non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveña a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4 do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007.


Para o pagamento do 100% da axuda por parte da Agadic, será preciso que a Asociación presente a documentación acreditativa da realización da actividade e a documentación xustificativa dos gastos reflectidos no orzamento presentado para a sinatura deste convenio.

A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade é o 15 de novembro de 2017.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.





- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a Agadic poida realizar os libramentos, a Asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.


No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

CUARTA.- A Asociación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Anexo I do convenio.





A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Agadic para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

QUINTA.- A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Agadic poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo Director da Agadic, e pola presidenta da Asociación.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


OITAVA.- As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMA.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

O Director da Agadic

A Presidenta da Asociación Cultural e Deportiva
Arela do Porriño

Jacobo Sutil Nesta

María de los Ángeles Iglesias Losada

